

- a. Orixinalidade
- b. Vestiario
- c. Actitude

11º.- O XURADO poderá descualificar aquelas persoas ou grupos que non cumpran as normas ao longo do percorrido do desfile. Estas descualificacións serán comunicadas aos interesados por persoas da organización debidamente acreditadas.

As decisións tomadas polo xurado serán inapelables.

Contías fixas para comparsas:

225,00€ por participar no desfile do sábado

100,00€ por participar no desfile de adultos.

O importe máximo a repartir será de 6500 €, polo que non poderán participar máis de primeiras 20 comparsas inscritas.

Este ano, ao finalizar a entrega de premios, entregaranse tres premios especiais as tres mellores comparsas cunhas contías de 200 €, 150€ e 100€ respectivamente, tendo en conta o vestiario e a animación. De seguido, subirán a recoller os premios e a interpretar unha canción cada unha das comparsas premiadas.

As comparsas poderán acollerse as contías fixas se cumpriren cos seguintes requisitos.

Todas as comparsas estarán integradas, alomenos, por 20 nenos/as.

Interpretarán cancións acompañadas de calquera tipo de instrumento, con ritmo e coreografía.

Os/as seus compoñentes deberán ser en máis dun 60 % naturais ou censados en Marín, polo que farán constar os nomes e apelidos na ficha de inscrición que se facilita no Museo Municipal Manuel Torres.

A ficha de inscrición presentarse no Museo Municipal Manuel Torres antes do martes día 21 de febreiro ás 14.00h, asemade, achegarán copia das composicións (letras e cancións).

Concentraranse na alameda o sábado 25 de febreiro entre as 15.30 h e as 16.00 h.

CLIMATOLOXÍA

No caso de previsión climatolóxica adversa, a comisión poderá optar por aplazar o desfile para outra fecha ou suspendelo de forma definitiva. No caso de que o desfile non se chegue a celebrar, as comparsas inscritas recibirán unha axuda por unha contía de 100€

Para máis información no Museo Municipal M. Torres, tfno.: 986 881 186 .

Correo E. : [HYPERLINK "mailto:museo.torres@concellodemarin.es"](mailto:museo.torres@concellodemarin.es)
museo.torres@concellodemarin.es.

E na páx Web: www.concellodemarin.es

CONCELLO DE MARIN

EMBED MSPhotoEd.3